

# Como traballar os dereitos da infancia con nenos, nenas e adolescentes

Guía breve con orientacións para preparar actividades sobre dereitos da infancia e adolescencia en espazos educativos, sociais, comunitarios ou de participación.

|                        |                                                                                       |
|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Tipo de recurso</b> | Guía didáctica                                                                        |
| <b>Dirixido a</b>      | Persoas profesionais, entidades sociais, centros educativos e equipos de dinamización |
| <b>Formato</b>         | PDF descargable                                                                       |

## 1. Antes de comezar

Traballar os dereitos da infancia non consiste só en explicar unha listaxe de dereitos. Implica crear un espazo no que nenos, nenas e adolescentes poidan comprender, expresar, preguntar, relacionar os dereitos coa súa vida diaria e formular propostas.

- Que idade ten o grupo?
- Que coñecen xa sobre os seus dereitos?
- Que temas poden resultar sensibles?
- Que apoios pode necesitar algunha persoa participante?
- Como imos recoller as súas opinións?
- Que faremos despois coas propostas?

## 2. Crear un espazo seguro

Un espazo seguro é aquel no que as persoas participantes saben que poden falar, preguntar ou non participar nun momento concreto sen medo a ser ridiculizadas.

- Explicar o obxectivo da actividade.
- Coidar a linguaxe.
- Evitar preguntas invasivas.
- Non forzar experiencias persoais.
- Respetar os silencios.
- Facilitar diferentes formas de participación.
- Establecer normas de respecto co grupo.

## 3. Adaptar a actividade á idade

Con infancia máis pequena, funcionan mellor dinámicas visuais, xogos, debuxos, contos e exemplos próximos.

iacións, propostas colectivas ou

En todos os casos, a clave é conectar os dereitos coa súa realidade.

## 4. Pasar da información á participación

Unha actividade sobre dereitos debería incluír tres momentos:

- Coñecer: achegar información clara e adaptada.
- Reflexionar: facer preguntas, analizar situacións e compartir opinións.
- Propoñer: recoller ideas para mellorar os espazos nos que viven, estudan ou participan.

## 5. Pechar ben a actividade

É importante explicar que se fará co que o grupo compartiu. A participación non debe rematar cando remata a dinámica.

- Que idea levas desta actividade?
- Que dereito che parece máis importante agora mesmo?
- Que cambiarías no teu centro, entidade ou contorno?
- Que proposta che gustaría que se escoitase?

## 6. Recomendación final

Traballar os dereitos da infancia require tempo, coidado e coherencia. Non se trata de falar por nenos, nenas e adolescentes, senón de crear condicións para que poidan tomar a palabra.